



CONCELLO DE CASTRO DE REI (LUGO)

Praza Maior, nº 1 - Tel. 982 31 40 34 - Fax 982 31 40 61 - C. P. 27250
C. I. F. P - 2701000 H - R. E. L. 01270109

DECRETO DE ALCALDÍA

ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR DO SERVIZO DE ROZA MECANIZADA EN VÍAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE CASTRO DE REI PARA 2022 (Expediente Gestiona 719/2022).

D. Francisco Javier Balado Teijeiro, Alcalde-Presidente do Concello de Castro de Rei, (Lugo).

Vista a Memoria do órgano de contratación da necesidade do contrato de 5 de agosto de 2022.

Vistas as ofertas presentadas no concello, por:

- T.A. Isidro Hermanos Blanco Trigo S.L., con CIF B-27186774, que tivo entrada no concello o 01/08/22 co nº RE-490, por importe de 140€ por hectárea (sen IVE) por 60 hectáreas de desbroce nas vías municipais do concello de Castro de Rei.

-Transformaciones Agrarias Montero y Díaz S.L., con CIF B-27280841, que foi invitada polo concello co rexistro de saída nº 352 de 28/07/22, non presentou oferta.

-Rolando Vila Capón con NIF 33335642-V, (Forestación Profesional), que foi invitada polo concello co rexistro de saída nº 351 de 28/07/22, non presentou oferta.

Visto o certificado de existencia de crédito de Intervención, de data 5 de agosto de 2022, na bolsa de vinculación 1.2 do orzamento do exercicio 2022, que é o prorrogado do 2021, por importe de 10.164€ para facer fronte á contratación.

Visto o Convenio interadministrativo suscrito entre a Consellería do Medio Rural e a Entidade Local de Castro de Rei para a realización de accións de prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2022, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020, asinado dixitalmente en data 20 de xuño de 2022 polo alcalde do concello e polo director xeral de defensa do monte, que tivo entrada no concello o 20 de xuño de 2022 co nº 1.725.

O citado convenio prevé unha axuda distribuída do xeito seguinte:

-Realización de tratamentos preventivos mecanizados, cunha axuda máxima de 250 €/ha.

En virtude das atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e o Decreto de Alcaldía nº 318/2019, de 2 de xullo, recollido no acordo plenario de 05/07/2019, publicado no B.O.P, de Lugo nº 165, de 19 de xullo de 2019.

ACORDO

Primeiro.- Aprobar a tramitación do expediente de contratación polo procedemento de contrato menor dacordo co artigo 118 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

Segundo- Aprobar a contratación do servizo de roza mecanizada en vías municipais no concello de Castro de Rei e aprobar o gasto con cargo á partida correspondente do vixente orzamento municipal.



Terceiro.- Adxudicar á empresa T.A. Isidro Hermanos Blanco Trigo S.L., con CIF B-27186774, o contrato menor de realización do servizo de roza mecanizada en vías municipais no concello de Castro de Rei para a anualidade 2022, durante o prazo de tres meses, polo importe de 8.400 euros, máis o 21% de IVE, (1.764€), facendo un total de 10.164€ dacordo co presuposto presentado no concello e nos términos expresados no mesmo, por contar cos medios técnicos e humanos necesarios que require aquél e coa habilitación esixible para a realización da actividade que constitúe o obxecto do contrato.

Cuarto.- Notificarlle esta resolución á citada empresa.

Quinto.- Ordenar a publicación do presente contrato no perfil do contratante segundo o establecido no artigo 63.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE NA DATA QUE FIGURA Á MARXE

